

Memoria xustificativa da addenda ao convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración (actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración) e o Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e Bens Mobles de España (Decanato Autonómico de Galicia) para a realización das actuacións precisas e necesarias para a detección de inmobles propiedade das persoas emigrantes galegas.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

No artigo 49 deste decreto establécese que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade; en particular, son competencias desta secretaría xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

O 11 de abril de 2022 asinouse un convenio de colaboración entre o Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e Bens Mobles de España e a Secretaría Xeral da Emigración para a realización das actuacións precisas e necesarias para a detección de inmobles propiedade das persoas emigrantes galegas.

As administracións públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao amparo do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

O Ilustre Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade, con competencia sobre os seus colexiados en todo o territorio nacional, segundo define o Real decreto 483/1997, do 14 de abril, polo que se aproban os seus estatutos. Ten como fins, entre outros, o de colaborar coas administracións públicas e institucións, prestando os servizos e realizando as funcións que lle sexan propias en interese delas. O Decanato Autonómico ou Territorial de Galicia ten entre as súas funcións a de velar polos intereses dos rexistradores no ámbito específico do seu territorio, así como aquelas outras competencias delegadas pola Xunta de Goberno do Colexio.



Dentro das funcións propias dos rexistradores atópase a organización e xestión das bases de datos necesarias para realizar a función de publicidade instrumental, institucional e estatística das titularidades, dereitos e situación rexistradas nos rexistros da propiedade, así como a expedición, de forma exclusiva, da publicidade formal.

A Secretaría Xeral da Emigración dentro dos programas de axuda que tramita, un dos requisitos que se comproba é a existencia de bens inmobles dos que poden ser titulares todas aquelas persoas que actualmente residen no estranxeiro por razón da emigración. Así, para poder cumprir con este requisito o Colexio de Rexistradores, dentro das súas posibilidades e no ámbito das súas competencias, pretende colaborar de maneira desinteresada.

Deste xeito pode contribuír a conseguir un dos principais fins da Secretaría Xeral da Emigración, como é o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior e o achegamento e integración da emigración galega.

Xa que logo, é vontade das partes prorrogar o convenio, cuxa vixencia finaliza o 11 de abril de 2026, por un período de catro anos máis ata o 11 de abril de 2030.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

